

**SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE SOBRE A CONTINUIDADE DAS TERRAZAS  
TRAS O VERÁN**

PLENO 5 NOVEMBRO 2013. ACTA 18/2013

Transcríbese o escrito do grupo municipal AER con rexistro de entrada xeral 14943 de data 30/10/2013:

“Vendo a polémica xurdida en torno ás terrazas dos bares e dado que xa pasou un tempo prudencial dende a aprobación da nova ordenanza, solicitamos a comparecencia do alcalde para que nos explique como está aplicando o goberno local a ordenanza sobre as terrazas.”

**O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que a ordenanza se está a aplicar de acordo coa normativa para ordenar e corrixir vellos usos e costumes ante o incremento das terrazas por mor da lei antitabaco Di que as cousas non poden cambiarse radicalmente da noite a mañá.**

**O concelleiro BLANCO PÉREZ di que cando se discutiu a normativa xa dixeron que era inaplicábel creando incerteza entre os hostaleiros. Sinala que incumpren a lei de accesibilidade, que hai problemas con locais que non teñen licenza municipal e cos veciños que poden denuncialos. Sinala tamén os problemas cos horarios que lles foron aumentados cunha circular, coas superficies ocupadas polas terrazas polo que, en definitiva, se están incumprindo as condicións das terrazas con carácter xeral....etc. Indica que AER pretendía que pagaran polas terrazas os que non o facían.**

**O concelleiro GONZÁLEZ BARBEIRO di que todos estes temas se trataron cos implicados e tiveron xuntanzas con AER sobre o tema. Sinala que investiron moito tempo en falar con todos os afectados e escoitaron a todos. Di que AER aportou cousas á ordenanza e que os horarios se modificaron en función das aspiracións lexítimas dos interesados. Di que é fácil votar que non e non mollarse.**